

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA VINTE E NOVE DE DECEMBRO DE 2009, CON CARÁCTER ORDINARIO.**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente	D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
Tenentes de Alcalde:	D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
Escusan asistencia	D <sup>a</sup> . LUCÍA GONZÁLEZ LOURO D <sup>a</sup> . ANA BELÉN PICÓN COTOS
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e vinte minutos do día vinte e nove de decembro de dous mil nove, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

**1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior**

Dáse conta da acta da sesión celebrada o quince de decembro do ano que andamos, que é aprobada por unanimidade

**2º.- Instancias de obras de particulares**

2.1.- Instancia num. 2.128/09 de dona Jessica Cobas Diaz

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Andrés de Trobe, solicita licenza para a colocación en fachada posterior de vivenda dun tubo para saída de fumes, situada no lugar de Xián, en solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, non surtindo consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dezaioito euros con tres céntimos (#18,03#)

2.2.- Instancia num. 2.130/09 de don Manuel Castro Abelleiro



Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para a canalización de aproximadamente 20 mts de lonxitude, no lugar de Castro, para paso de liña eléctrica para subministro de vivendas

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo antes do comezo das obras presentar fianza por importe de cen euros (#100,00#) e axustarse ás seguintes condicións: non se danará a calzada, debendo deixar o pavimento nas mesmas condicións nas que estaba.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dezaioito euros con tres céntimos (#18,03#)

### 2.3.--Instancia num. 2.083/09 de dona María del Carmen Gómez Sada

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Mamede de Ribadulla, solicita licenza para a construción dun peche de base de bloques, postes e arame, de aproximadamente 6 mts de lonxitude e colocación de portal, no lugar de San Gregorio, en solo de núcleo rural (N-1) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento axustarase á aliñación establecida no PXOM para o cal deberá solicitar o deslinde; garantirase o natural discorrer das augas e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ó comezo das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo de fábrica irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado e ademais a altura máxima total do cerramento será de 1, 80 mts e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 mts

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de vinte e catro euros (#24,00#)

### 2.4.- Instancia num. 2.092/09 de don Juan José Gómez Lago

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Vedra, solicita licenza para a rehabilitación dun alboio consistente na substitución de tella existente por uralita e tella, de aproximadamente 60 m2 , situado en Pousade de Arriba, en solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica, e de acordo co establecido no artigo 3 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de corenta e cinco euros con sesenta e oito céntimos (#45,68#)

### 2.5.- Instancia num. 2.114/09 de dona Emilia Rico García



Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Vedra, solicita licenza para a reconstrución de muro con base de formigón, postes e arame, de aproximadamente 10 mts e colocación de portal en Pousada de Abaixo, en solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 10,50 mts de distancia dende o vial; garantirase o natural discorrer das augas e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ó comezo das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo de fábrica irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado e ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 mts

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de trinta euros (#30,00#).

#### 2.6.- Instancia num. 2.118/09 de dona María Dolores Mera López

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Miguel de Sarandón, solicita licenza para a construción dun peche con base de pedra, de aproximadamente 50 mts de lonxitude, no lugar de Sarandón, en solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 10,50 mts de distancia dende o vial; garantirase o natural discorrer das augas e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ó comezo das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a pedra será do país e a altura máxima total do cerramento será de 1,50 mts


Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de trinta e cinco euros con vinte e seis céntimos (#35,26#)

#### 2.7.- Instancia num. 1.904/09 de dona María Teresa Presas Valdés

Dáse conta citada instancia na que a interesada, con domicilio en A Coruña, solicita licenza para proceder á segregación da parcela num. 164 do polígono 506, situada en Buxeiros-San Pedro de Sarandón, cualificada no PXOM como solo de núcleo rural (N-1) e solo rústico de especial protección agrícola (R-2), e a vivenda situada na parcela orixinal forma parte do catálogo do PXOM de Vedra con referencia B-53.

A Xunta de Goberno, á vista do informe do técnico municipal, acorda denegar a licenza de segregación solicitada, xa que afecta ó solo rústico incumprindo o artigo 206 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e o artigo 151 do PXOM deste concello que establece "cando o obxecto protexido sexa un edificio e no catálogo figure exclusivamente como tal, a protección entenderase que se estende a toda a parcela onde se localice a edificación, quedando excluída calquera segregación en novas parcelas para edificios protexidos en solo urbano, rústico ou de núcleo rural. No caso de edificios situados no medio rural con parcelas de grande extensión esta condición entenderase referida como mínimo á área definida por unha liña homotética trazada a 50 mts de distancia dos muros exteriores da edificación ou grupo de edificacións auxiliares, igrexa e adro, etc).

#### 2.8.- Instancia num. 2103/09 de don Roberto Vales Lobato



Dáse conta da citada instancia na que o interesado, en representación de Construcciones Roberto Vales, S.L, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, expón que a Xunta de Goberno con data 12/12/2006 concedeulle licenza para a construción de vivendas en Santa Cruz de Ribadulla (num. 110/2006), e solicita a concesión dunha prórroga para rematar as obras

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha prórroga de 18 meses para o remate das obras, non surtindo consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento das taxas correspondentes, que ascenden, á cantidade de sesenta euros (#60,00#)

### **3º.- Acordo, se procede, sobre remisión de expediente á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras**

Dáse conta do expediente promovido por Florencia D. Iglesias Carbia, para rehabilitación de vivenda no lugar de Gundían da parroquia de Ponte Ulla. Dáse conta, así mesmo, da exposición ó público, polo prazo de 20 días, do mencionado expediente segundo o anuncio publicado no xornal "La Voz de Galicia" o día 17 de novembro de 2009, durante o que non se presentaron alegacións e do informe emitido polos servizos técnicos municipais para o efecto.

A Xunta de Goberno acorda informar favorablemente a tramitación do expediente mencionado e que se remita ó Servicio de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, para os efectos previstos no artigo 41 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

### **4º.- Certificacións de obras**

4.1.- Certificación num. 4 da obra *Acondicionamiento de la casa del ferrocarril en Santa Cruz de Ribadulla*

Dáse conta da certificación num. 4 e final da obra *Acondicionamiento de la casa del ferrocarril en Santa Cruz de Ribadulla*, incluída no Fondo Estatal de Inversión Local (FEIL), e da factura num. OCV.0017 da empresa adxudicataria Promotora Matimán, S.L, por importe de vinte e tres mil douscentos noventa e oito euros con setenta e nove céntimos (#23.298,79#).

A Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar a certificación e máis a factura polos traballos relacionados na mesma

2º.- Declarar a conformidade desta administración coa execución da mesma por parte da empresa adxudicataria e que esta desenvolveuse de conformidade co estipulado no prego de cláusulas administrativas particulares regulador e o contrato asinado entre o concello e a empresa adxudicataria.

### **5º.- Facturas varias**

Dáse conta das seguintes facturas:

Quilometraxe do Sr. Alcalde, don Odón C. Cobas, por xestións varias en Coruña no mes de novembro. Importe 46,40 euros

Quilometraxe do 1º Tenente de Alcalde, don Eloy J. Iglesias, do 4º trimestre do ano. Importe 738,33 euros

Quilometraxe do operario de servizos varios, don José I. Munín, do mes de novembro. Importe 71,61 euros



Axuda de custo e quilometraxe da axente de emprego e desenvolvemento local, dona Vanesa Crespo, por asistencia á xornada de presentación da aplicación informática Xatemprego. Importe 62,43 euros

Indemnizacións e asistencias da axente de emprego dona Vanessa Crespo soto por asistencia a curso para axentes de emprego. Importe 70,70 euros

Indemnizacións e quilometraxe da técnica de urbanismo, dona Clara Lema, por asistencia a curso de urbanismo e quilometraxe dos meses de outubro e novembro. Importe 269,71 euros

Indemnizacións e quilometraxe do arquitecto don Fernando Faya por asistencia a xornadas sobre *proxecto peace* e quilometraxe do mes de outubro. Importe 89,75 euros

Indemnizacións e quilometraxe da traballadora dona Silvia Couto Rendo por asistencia a curso Especialista en información xuvenil e quilometraxe por xestións varias durante o ano 2009. Importe 368,14 euros

Quilometraxe da educadora familiar, dona Carmen A. Sabio, do mes de novembro. Importe 58,23 euros

Quilometraxe da monitora dona Sonia Carbia Cutrín dos meses de outubro e novembro. Importe 14,70 euros

Quilometraxe da monitora dona Lucía Sevio dos meses de outubro a decembro. Importe 31,90 euros

Axudas de custo e quilometraxe da traballadora dona M<sup>a</sup> Montserrat dela Fuente por asistencia a turexpo 2009 os días 27-29 de novembro e outros. Importe 93,36 euros

Indemnizacións e quilometraxe da traballadora dona M<sup>a</sup>. Montserrat de la Fuente por asistencia a curso sobre *criterios de embellecimiento turístico* en Ourense os días 4 e 5 de novembro. Importe 151,49 euros

Quilometraxe da monitora de deportes dona Miriam Fernández Neira dos meses de outubro a decembro. Importe 86,52 euros

Quilometraxe da monitora de deportes dona Graciela Gestoso Vázquez por impartición de clases en Santa Cruz e San Miguel e outros no 4º trimestre. importe 107,94 euros

Quilometraxe do operario de servizos varios don Jorge Cerdeira dos meses de outubro a decembro. Importe 28,98 euros

Quilometraxe da traballadora dona Celia Alegre dos meses de outubro a decembro. Importe 67,41 euros

Fondo social (odontoloxía) da funcionaria dona Mercedes Pereiras, segundo bases do orzamento municipal vixente (75%). Importe 71,25 euros



Fondo social (oftamoloxía) da funcionaria dona María Canedo, segundo bases do orzamento municipal vixente (75%). Importe 124,28 euros

Fondo social (oftamoloxía) da auxiliar dona Lidia Carpinteiro , segundo bases do orzamento municipal vixente (75%). Importe 329,25 euros

Fondo social (gastos médicos) da funcionaria dona Teresa Amenal, segundo bases do orzamento municipal vixente (75%). Importe 262,50 euros

Xornadas de traballo do Tenente de Alcalde don José A. Sánchez de la Fuente do 3º trimestre do ano. Importe 212,50 euros

Xornadas de traballo do Tenente de Alcalde don José A. Sánchez de la Fuente do 4º trimestre do ano. Importe 262,50 euros

Xornadas de traballo da concelleira dona Ana B. Picón Cotos do 4º trimestre. Importe 797,00 euros

Quilometraxe da concelleira dona Ana B. Picón Cotos por xestións varias no 4º trimestre. Importe 156,35 euros

Axudas de custo de dona Dolores Monteagudo Sintas por impartición de taller de memoria durante os meses de outubro a decembro. Importe 336,60 euros

Factura num. 25/2009 de don José Fermín González Blanco por asistencia técnica no mes de novembro. Importe 2.436,00 euros

Facturas nums. 1820 e 1838 de Guadalupe J. García Cabal por clases de manualidades nos meses de novembro e decembro. Importe 1.400,00 euros

Indemnizacións a don Hugo Lage Seoane por participación, como formador a tempo completo, do curso Recursos Europeos para a Xuventude, o programa xuventude en acción, os días 16 e 17 de outubro na Casa dos Peóns. Importe 352,90 euros

Factura num. 84.09 de Cayetano Lledó por actuación do mago Lledó o 6/12/09 na Casa da Terceira Idade, con motivo da clausura das xornadas da ciencia en Vedra, incluído na Rede da Deputación. Importe 600,00 euros

Factura num. 19 de dona Mercedes Rosón por dirección da obra de *Locales de exposición e graderío en el campo de la fiesta de San Miguel*, incluída no FEIL, con cargo ó plan complementario ó FEIL da Deputación Provincial. Importe 3.480,00 euros

Factura num. 70/2009 de José Manuel Roibás Vázquez por honorarios de asistencia xurídica nos meses de maio a decembro. Importe 13.534,88 euros

Gastos de transporte e manutención do voluntario de Protección Civil don Manuel González Penido de xuño a decembro. Importe 93,05 euros

Factura num. P 911.219 de Editorial Compostela, S.A por concerto publicidade. Importe 517,65 euros



Axudas de custo e quilometraxe de don Marco González Britez por impartición de clases de tango no mes de decembro. Importe 220,96 euros

Factura num. 66 de Grupo Acofide, S.C. por prestación de servizos mediante ensinanzas diversas (patinaxe) durante os meses de novembro e decembro. Importe 761,14 euros

Listado de Unión Fenosa, S.A correspondentes ós alumeados públicos no mes de outubro. Importe 20.818,84 euros

Factura num. 02.03/1209 de Delio Sánchez Tojo por clases de debuxo e pintura no mes de decembro. Importe 464,00 euros

Facturas nums. 118, 124 e 125 da Agrupación de Veteranos por arbitraxes da liga local senior dos meses de outubro, novembro e decembro e arbitraxes do torneo de nadal. Importe 1.498,00 euros

Achega municipal ó programa Xantar na Casa do mes de setembro, en virtude do convenio de colaboración asinado entre o Consorcio Galego da Igualdade e Benestar e o Concello. Importe 207,20 euros

Factura num. 09/17 de don José María Freiría Suárez por servizo de limpeza no mes de decembro. Importe 3.318,60 euros

Factura num. SPA/111351/2009 de MC SPA de Prevención, S.L por concerto prevención integral técnica e vixancia da saúde no mes de decembro. Importe 359,98 euros

Factura num. 2009/000513 de Aguardientes de Galicia, S.L por caixa de augardente para agasallos institucionais. Importe 157,64 euros

Factura num. S210508 de Ricoh España, SLU por mantemento fotocopiadoras das bibliotecas municipais e casa do concello. Importe 279,00 euros

Factura num. 526/189193 -5 de Halcón Viajes por billetes de avión a Argentina do S. Alcalde e do concelleiro don Carlos Martínez Carrillo. Importe 2.882,00 euros

Factura num. BN00586 de Hierros Diego, S.L por materiais diversos. Importe 236,71 euros

Axudas de custo e quilometraxe de don Francisco J. Souto Rial por impartición de clases de baile rexional na Casa de Cultura de San Xián no mes de decembro. Importe 150,64 euros

Factura num. 6949 de Darlim Maquinaria Limpieza, S.L por arranxo de máquina de limpeza. Importe 132,98 euros

Facturas nums. 1.826/09 e 1.935/09 de Gráfica de Asturias, S.L por material de oficina. Importe 908,89 euros

Factura num. 4000437761 de Correos e Telégrafos por remisión de correspondencia no mes de novembro. Importe 442,46 euros

Factura num. VD 12/2009 de Ana Naya García, S.L por servizo de gardería no mes de decembro. Importe 5.276,96 euros



Factura num. 2009/21 de Acción contra el Hambre por campaña de sensibilización un pedacito de Nicaragua, para programas de servizos sociais. Importe 160,00 euros

Factura num. A/756 de Miguel Carlos Torres Vázquez por calefactores para dependencias municipais. Importe 328,91 euros

Factura num. 204 de Viajes Peillet, S.L por excursión da terceira idade. Importe 321,00 euros

Factura num. 205 de Viajes Peillet, S.L por servizo de autobús cos participantes no programa de ducación de adultos no mes de novembro. Importe 642,00 euros

Factura num. 206 de Viajes Peillet, S.L por servizo de autobús cos participantes na ludoteca no mes de novembro. Importe 321,00 euros

Factura num. 207 de Viajes Peillet, S.L por servizo de autobús cos nenos/as que asistiron en novembro á piscina de Bertamiráns. Importe 642,00 euros

Factura num. 060-A de Almacenes Rey Buela por materiais diversos. Importe 85,12 euros

Factura num. VF/2870 de Sport Garrido, S.A por equipamento para o Pavillón municipal. Importe 1.201,59 euros

Factura num. 184 de Sirtelco por cota mantemento servidor páxina web. Importe 2.004,48 euros

Factura num. 158 de Sirtelco por compra de dominio [www.festadovino.com](http://www.festadovino.com) por 1 ano. Importe 194,88 euros

Factura num. 157 de Sirtelco por manetmento e xestión do correo electrónico [www.concellodevedra.com](http://www.concellodevedra.com), antivirus, contas, ..etc. Importe 290,00 euros

Factura num. 185 de Sirtelco por traballos de revisión e configuración de equipos. Importe 475,60 euros

Factura num. 09/19 de José María Freiría Suárez por limpeza do Museo de Vedra. Importe 197,20 euros

Factura num. 369/09 de Talleres e Repuestos Barco, S.L por repostos varios. Importe 91,91 euros

Factura num. P09/20710 de La Voz de Galicia, S.A por anuncio de expediente urbanístico, a repercutirle ó promotor do mesmo. Importe 278,40 euros

Factura num. 34/09 de Gráficas Esteiro por cuadrípticos de formación e mostra audiovisual de Vedra. Importe 394,40 euros

Factura num. 537 de Juan Manuel Gaitero Moure por foguetes para a festa do entroido e comida da terceira idade. Importe 484,88 euros





Factura num. P09/18955 de La Voz de Galicia, S.A por anuncio de exposición pública expediente de ampliación de cemiterio en Ponte Ulla. Importe 139,20 euros

Factura num. 291.212 de Artes Gráficas Litonor por boletín do mes de decembro. Importe 841,00 euros

Factura num. 291.180 de Artes Gráficas Litonor por pegatinas para o curso de xardiñería. Importe 38,28 euros

Factura num. 291.179 de Artes Gráficas Litonor por pegatinas do curso sobre recursos europeos para a mocidade. Importe 44,08 euros

Factura num. 20309E de Electro Bermúdez por material diverso. Importe 20,20 euros

Factura num. 66809E de Electro Bermúdez por material diverso para bancos de tempo. Importe 22,70 euros

Factura num. 67509E de Electro Bermúdez por batidora para a gardería municipal. Importe 55,90 euros

Factura num. 68609E de Electro Bermúdez por sudadeiras e outros para o intermunicipal. Importe 462,42 euros

Factura num. 68709E de Electro Bermúdez por trofeos para a Ruta Cabalar do Rio Pereiro e outros. Importe 464,02 euros

Factura num. 68809E de Electro Bermúdez por cámara de fotos para o departamento de urbanismo. Importe 149,00 euros

Factura num. 68909E de Electro Bermúdez por cámara de fotos e outros. Importe 198,80 euros

Factura num. A/10 de María Isabel Casal Devesa por comidas dos Quinquilláns, por actuación gratis de obra de teatro. Importe 84,29 euros

Factura num. 515/09 de Empresa Seoane, S.L por bonobús da terceira idade no mes de novembro. Importe 21,24 euros

Factura num. 514/09 de Empresa Seoane, S.L por bonobús do mes de novembro. Importe 208,20 euros

Factura num. 903.528-0 de Portomédica por servizo de fisioterapia. Importe 35,69 euros

Factura num. 911/22 de Alquimao, S.L por puntais e outros para a brigada de obras. Importe 190,07 euros

Factura num. 911/11 de FPV por lubas e outros. Importe 14,20 euros

Facturas nums. 10911-55 e 10912-2 de Grupo El Progreso por publicidade con motivo do centenario das Sociedades de Emigrantes do Concello de Vedra. Importe 696,00 euros



Factura num. 1903777 de Maquinaria Agrícola del Noroeste, S.L por cambiar rotor desmalezadora. Importe 2.841,07 euros

Factura num. 1903765 de Maquinaria Agrícola del Noroeste, S.L por 1ª revisión do tractor. Importe 355,05 euros

Factura num. L09/4631 de Comercial Extintores Galicia, S.L por recarga extintores do centro de saúde de Vedra. Importe 78,88 euros

Factura num. 01/24 de Barreiron Mayor, S.L por papel. Importe 194,18 euros

Factura num. A/11 de María Isabel Casal Devesa por pinchos servidos con motivo da entrega dos premios do concurso forográfico do centenario das sociedades emigrantes de Vedra en Argentina. Importe 238,70 euros

Factura num. 895 de Socyser (Coesco -Deza, S.L) por servizo de auxiliar de axuda no fogar no mes de novembro. Importe 878,40 euros

Factura num. K/63 de Castromil, S.A por bonobús do mes de novembro. Importe 194,00 euros

Factura num. A/9.474 de Marbe Hispania, S.L por materiais para obra en Santa Cruz de Ribadulla. Importe 2.037,06 euros

Factura num. 20090164 de Manuel Botana Granja por materiais diversos no mes de novembro. Importe 829,28 euros

Factura num. 09-01118 de Sapa cont. y serv. S.L por alugamento de colectores para o depósito de chatarra no punto limpo. Importe 214,00 euros

Cota da Asociación Terras de Compostela do ano 2009. Importe 1.000,00 euros

Factura num. 01/2090350 de Sgbrand por calendarios e axendas. Importe 4.292,58 euros

Factura num. 29 7059 de Ulla Oil, S.L por acopio de gasóleo bonificado para os tractores municipais. Importe 891,56 euros

Factura num. 19 3190 de Ulla Oil, S.L por acopio de gasóleo A para a maquinaria municipal. Importe 1.367,01 euros

Factura num. 036 de Miguel Camino Bouzón por arranxos no mes de outubro e novembro. Importe 559,12 euros

Factura num. 2009/3603 de Sogama por tratamento dos residuos sólidos de Vedra do mes de novembro. Importe 7.129,88 euros

Facturas nums. 010001587, 010001586, 010001585, 010001584, 010001583 e 010001582 de Puente Ulla, S.L por carburantes no mes de novembro. Importe 1.393,10 euros



Facturas nums. 0635/E09, 0646/E09, 0645/E09, 0644/E09 e 0643/e09 de Talleres San Fins, S.L por arranxosna retroexcavadora e demais maquinaria municipal no mes de novembro. Importe 2.599,83 euros

Indemnizacións a panaderías por reparto do boletín municipal durante o ano 2009 (14). Importe 1.400,00 euros

Recibos de Centro Comercial Compostela por materiais para deportes. Importe 79,84 euros

Recibo de Mafre Familiar, S.A correspondente ó seguro do tractor municipal. Importe 144,58 euros

Recibo de Editorial Compostela, S.A por suscripción ó xornal no mes de novembro. Importe 38,00 euros

Recibo de Canalsatélite Digital, S.L por servizo canla+ no Centro da terceira idade en decembro. Importe 49,95 euros

Recibo de Siemens Renting, S.A por alugamento da fotocopiadora de urbanismo no mes de novembro. Importe 548,85 euros

Recibo de La Voz de Galicia, S.A por suscripción ó xornal no mes de novembro. Importe 30,00 euros

Recibos por gastos diversos para a semana da ciencia. Importe 312,79 euros

Recibo de Centro Comercial Compostela por teléfono para a biblioteca. Importe 39,90 euros

Factura de comidas con motivo de Turexpo Galicia. Importe 26,00 euros

Factura de Super Día por acopio de alimentos para o servizo de madrugadores. Importe 18,88 euros

Factura de Super Día por materiais para actividades da ludoteca. Importe 22,97 euros

Factura de Panadería Raviña por pinchos servidos con motivo da conferencia sobre O Saber tradicional, remedios caseros dentro da semana de ciencia. Importe 131,80 euros

Factura num. SPA/102498/2009 de MC SPA de Prevención, S.L por concerto prevención integral no mes de novembro. Importe 359,98 euros

Recibí de don José M<sup>a</sup>. Rodríguez Marque por actuación na cea de nadal do persoal do concello. Importe 300,00 euros

Recibí de don Juan Luís Buceta Potel por actuación na cea-baile de nadal da terceira idade do concello. Importe 300,00 euros

Gastos de cambio de operador de tarxeta de teléfono móbil dual do operario de maquinaria don Juan Jesús de la Fuente Torres, a descontar por Movistar na factura do concello. Importe 133,83 euros



Gastos da excursión da Terceira Idade ás Termas de Outariz, con cargo ás achegas dos participantes. Importe 505,50 euros

Factura num. 4142009002816 de Decathlon España, S.A.U por pesas para a sala de musculación. Importe 105,00 euros

Factura num. 01.03/1109 de Delio Sánchez Lojo por clases de debuxo e pintura no mes de novembro. Importe 464,00 euros

Taxas de publicación de anuncio de expediente de urbanismo no DOG. Importe 205,96 euros

Recibí de dona Raquel Fontán Castaño por actuación no magosto da terceira idade. Importe 300,00 euros

Facturas de Centro Comercial Compostela e outros por agasallos para a viaxe a Argentina e postais de nadal. Importe 265,40 euros

Factura num. P910.226 de Editorial Compostela, S.A por concerto publicidade no mes de novembro. Importe 517,65 euros

Factura num. 90016 de Farmacia Jesús Isla Arjones por botiquín para a brigada de obras. Importe 49,90 euros

Factura num. 90017 de Farmacia Jesús Isla Arjones por lubas para o servizo de axuda no fogar. Importe 79,00 euros

Axudas de custo e quilometraxe por impartición de clases de tango no mes de novembro. Importe 220,96 euros

Axudas de custo e quilometraxe de don Francisco J. Souto Rial por impartición de clases de baile rexional na casa de cultura de San Xíán no mes de novembro. Importe 150,64 euros

Factura num. A00013371 de MRW do mes de novembro. Importe 63,64 euros

Factura num. 01900188 de Adif por alugamento dos locais da estación de ferrocarril de Santa Cruz. Importe 377,61 euros

Reembolso de La Ley por Guía práctica de la contratación del sector público. Importe 66,00 euros

Factura num. 09/16 de José María Freiría Suárez por prestación do servizo de limpeza do mes de novembro. Importe 3.318,60 euros

Factura num. 2009278 de Electricidad Cruceiro, S.L por mantemento do alumado público no mes de novembro. Importe 2.262,06 euros

Factura num. VD 11/2009 de Ana Naya García, S.L por servizo de gardería no mes de novembro. Importe 5.440,58 euros



Premios do concurso fotográfico con motivo do centenario das Sociedades de Emigrantes de Vedra en Bos Aires. Importe 1.900,00 euros

Factura num. Gas Natural Unión Fenosa correspondente ó albergue de peregrinos no mes de novembro. Importe 128,07 euros

Factura num. TA3E00076582 de Telefónica de España, S.A da Casa de Peóns do mes de outubro. Importe 80,40 euros

Factura num. IR-2009-005027528 de Teel 2 Comunitel do mes de novembro. Importe 485,66 euros

Factura num. CIO381277800 de Vodafone España, S.A.U do mes de novembro. Importe 925,96 euros

Facturas de Telefónica de España, S.A do mes de novembro. Importe 1.580,45 euros

Recarga móbiles do servizo de axuda no fogar. Importe 30,00 euros

Recibos varios por equipamento para o pavillón municipal. Importe 89,70 euros

Facturas de Unión Fenosa, S.A por subministración eléctrica ás dependencias municipais no mes de outubro. Importe 6.051,37 euros

A Xunta de Goberno acorda aprobar as citadas facturas

## **6º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía**

6.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data catorce de decembro do ano que andamos, pola que recibida a comunicación do Departamento Territorial da Consellería de Trballo da Coruña da prórroga da contratación da tempo completo por un periodo de un ano do axente de emprego e desenvolvemento local, ordénase a prórroga do contrato de dona Vanessa Crespo Souto ata o 18/12/2010

A Xunta de Goberno dáse por enterada

6.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e dous de decembro do ano que andamos, pola que se eleva a definitiva a adxudicación provisional do contrato de obras consistente na Reforma e ampliación do centro da terceira idade de Vedra á empresa Promotora Matimán, S.L.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

## **7º.- Outros asuntos**

7.1.- Solicitudes de axuda de emerxencia social

7.1.a.- Escrito num. 2.123/09 de dona Amavel Varela Rey

Dáse conta do citado escrito no que a interesada, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita unha axuda para o tratamento rehabilitación de logopedia do seu fillo David López Varela, recomendado polo Departamento de Orientación escolar, que non ten cobertura pública e está a levar a cabo en A Estrada



A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe da traballadora social, acorda concederlle unha axuda con cargo ó programa de emerxencia social, por importe de oitocentos oitenta e cinco euros (#885,00#)

7.1.b.- Escrito num. 2.167/09 de dona Carmen Pereira Lareo

Dáse conta do citado escrito no que a interesada, con domicilio en Ponte Ulla, solicita unha axuda para equipamento básico da vivenda e necesidades básicas

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe da traballadora social, acorda concederlle unha axuda con cargo ó programa de emerxencia social por importe de cincocentos vinte e oito euros (#528,00#) para necesidades básicas e o cento por cento (100%) do custo do equipamento (armario de roupa e moble de cociña para louza) mediante pago directo ó carpinteiro encargado da subministración do mesmo

Conclúe ó fio das vinte e tres horas e trinta minutos

